

CONVOCATORIA	1538 - Arquitecto/a técnico/a
PRAZA/POSTO	NOMEAMENTO DE FUNCIONARIADO INTERINO SEN PRAZA PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL "INICIATIVAS COMUNITARIAS 2025-2027", CON DESTINO AO SERVIZO DE COOPERACIÓN
TIPO	Primeiro exercicio
DATA	22.07.2025

1. En relación ao artigo 16 da Constitución Española de 1978, sinale a resposta INCORRECTA:

- a) Garántese a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto dos individuos e as comunidades sen máis limitación, nas súas manifestacións, que a necesaria para o mantemento da orde pública protexida pola lei
- b) Ninguén poderá ser obrigado a declarar sobre a súa ideoloxía, relixión ou crenzas
- c) Todas as confesións terán carácter estatal
- d) Os poderes públicos terán en conta as crenzas relixiosas da sociedade española e manterán as consecuentes relacións de cooperación coa Igrexa católica e as demais confesións

2. De acordo co artigo 32 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de Réxime Local, a organización provincial responde ás seguintes regras:

- a) O Presidente, os tenentes de Alcalde, a Xunta de Goberno e o Pleno existen en todas as Deputacións
- b) O Presidente, os Vicepresidentes, a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e o Pleno existen en todas as Deputacións
- c) O Presidente, os tenentes de Alcalde e o Pleno existen en todas as Deputacións
- d) O Presidente, os Vicepresidentes, a Xunta de Goberno e o Pleno existen en todas as Deputacións

3. De acordo co art. 80 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia:

- a) Cando os procesos selectivos a que se refire este artigo comprendan a valoración de méritos das persoas que participen neles polo sistema de promoción interna vertical, incluírán unha puntuación específica relativa ao exercicio nos dous anos anteriores, a contar desde a data que se estableza na convocatoria, dun permiso por parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, redución de xornada ou excedencia para o coidado de familiares
- b) Cando os procesos selectivos a que se refire este artigo comprendan a valoración de méritos das persoas que participen neles polo sistema de promoción interna vertical, incluírán unha puntuación específica relativa ao exercicio nos tres anos anteriores, a contar desde a data que se estableza na convocatoria, dun permiso por parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, redución de xornada ou excedencia para o coidado de familiares

- c) Cando os procesos selectivos a que se refire este artigo comprendan a valoración de méritos das persoas que participen neles polo sistema de promoción interna vertical, incluírán unha puntuación específica relativa ao exercicio nos cinco anos anteriores, a contar desde a data que se estableza na convocatoria, dun permiso por parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, redución de xornada ou excedencia para o coidado de familiares
- d) Cando os procesos selectivos a que se refire este artigo comprendan a valoración de méritos das persoas que participen neles polo sistema de promoción interna vertical, incluírán unha puntuación específica relativa ao exercicio nos dez anos anteriores, a contar desde a data que se estableza na convocatoria, dun permiso por parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, redución de xornada ou excedencia para o coidado de familiares

4. De acordo co artigo 28 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, relativo ás relacións de traballo temporais, de duración determinada e en empresas de traballo temporal:

- a) A empresa de traballo temporal será responsable das condicións de execución do traballo en todo o relacionado coa protección da seguridade e a saúde dos traballadores
- b) Á empresa de traballo temporal corresponderalle o cumprimento das obrigacións en materia de información previstas nos apartados 2 e 4 do presente artigo
- c) A empresa usuaria será responsable do cumprimento das obrigacións en materia de formación e vixilancia da saúde que se establecen nos apartados 2 e 3 deste artigo
- d) A empresa usuaria deberá informar aos representantes dos traballadores na mesma da adscrición dos traballadores postos ao dispor pola empresa de traballo temporal

5. De conformidade co ámbito de aplicación do Real Decreto 390/2021, do 1 de xuño, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios, este procedemento será de aplicación a:

- a) Edificios ou partes de edificios nos que se realicen reformas ou ampliacións, cunha intervención en máis do 15 % da superficie total da envolvente térmica final do mesmo
- b) Edificios ou partes de edificios existentes de uso propio
- c) Edificios ou partes de edificios pertencentes ou ocupados por unha Administración Pública, cunha superficie útil total superior a 250 m²
- d) Edificios ou partes de edificios nos que se realicen reformas ou ampliacións destinados a uso sanitario, cunha superficie útil total superior a 300 m²

6. De conformidade co Real Decreto 390/2021, do 1 de xuño, polo que se aproba o procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios, a certificación de eficiencia enerxética componse dos seguintes elementos:

- a) Etiqueta de Eficiencia Enerxética
- b) Informe de avaliación enerxética do edificio en formato electrónico (CE3X)

- c) Libro do edificio
- d) Proxecto de eficiencia enerxética do edificio

7. De conformidade co ámbito de aplicación do Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, este real decreto será de aplicación aos residuos de construción e demolición con excepción de:

- a) Residuos metálicos
- b) Cerramentos e carpintería de madeira
- c) Terras e pedras non contaminadas por substancias perigosas reutilizadas na mesma obra
- d) Materiais de formigón

8. De conformidade co Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, os residuos deberán separarse en fraccións, cando, de forma individualizada para cada unha das devanditas fraccións, a cantidade prevista de xeración para o total da obra supere a cantidade de:

- a) Plástico 1 t
- b) Ladrillos, tellas, cerámicos 40 t
- c) Papel e cartón 1 t
- d) Formigón 40 t

9. De conformidade co Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, o proxecto de execución da obra incluírá un estudo de xestión de residuos de construción e demolición, no que NON se incluírá:

- a) Unha valoración do custo previsto da xestión dos residuos de construción e demolición
- b) Os planos das instalacións previstas para o almacenamento, manexo, separación e outras operacións de xestión dos residuos de construción e demolición dentro da obra
- c) O prego de cláusulas administrativas particulares
- d) As medidas para a prevención de residuos na obra obxecto do proxecto

10. De conformidade co Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, nos locais de traballo pechados onde se realicen traballos sedentarios propios de oficinas ou similares, a temperatura estará comprendida entre:

- a) 17 e 27 °C
- b) 13 e 25 °C
- c) 14 e 26 °C
- d) 14 e 27 °C

- 11. De conformidade co artigo 1 do Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, este será de aplicación a:**
- a) Os buques de pesca
 - b) As obras de construción temporais ou móbiles
 - c) Os lugares de traballo situados dentro dos medios de transporte
 - d) Os comercios retalistas
- 12. De conformidade co Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, o plan de seguridade e saúde será elaborado por:**
- a) O coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra
 - b) O coordinador de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto
 - c) O contratista
 - d) A dirección facultativa
- 13. De conformidade co Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, nunha obra deberá existir coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra:**
- a) Cando o volume da man de obra estimada sexa superior a 500 días de traballo
 - b) Cando interveña máis dunha empresa
 - c) Cando interveña máis dun director de obra
 - d) Cando interveña un traballador autónomo
- 14. Segundo o HS 1 Protección fronte á humidade do Documento Básico HS Salubridade, nas xuntas verticais dos muros de formigón prefabricado ou de fábrica impermeabilizados con lámina deben dispoñerse os seguintes elementos:**
- a) Unha banda de terminación de 45cm de anchura como mínimo centrada na xunta, do mesmo material que a de reforzo e adherida á lámina
 - b) Unha banda de terminación de 30cm de anchura como mínimo centrada na xunta, do mesmo material que a de reforzo e adherida á lámina
 - c) Unha banda de terminación de 25cm de anchura como mínimo centrada na xunta, do mesmo material que a de reforzo e adherida á lámina
 - d) Unha banda de terminación de 20cm de anchura como mínimo centrada na xunta, do mesmo material que a de reforzo e adherida á lámina
- 15. Segundo o DB-HS 3 Calidade do aire interior do Documento Básico HS Salubridade do Código Técnico da Edificación, nos locais habitables das vivendas, o caudal de aire exterior achegado debe ser suficiente para eliminar os contaminantes non directamente relacionados coa presenza humana. Esta condición considérase satisfeita co establecemento dun caudal mínimo por local habitable nos períodos de non ocupación de**

- a) 6 l/s
- b) 4 l/s
- c) 1,5 l/s
- d) 0,7 l/s

16. A sección HS 4 Subministración de auga do Documento Básico HS Salubridade do Código Técnico da Edificación, establece para as condicións mínimas de subministración na instalación de subministración de auga nos edificios incluídos no ámbito de aplicación xeral do CTE, que a presión en calquera punto de consumo non debe superar:

- a) 400 kPa
- b) 350 kPa
- c) 500 kPa
- d) 600 kPa

17. A sección HS 5 Evacuación de augas do Documento Básico HS Salubridade do Código Técnico da Edificación, establece que as redes de pequena evacuación deben deseñarse de forma que a distancia do bote sifónico á baixante non debe ser maior que:

- a) 2,00 m
- b) 3,00 m
- c) 4,00 m
- d) 1,00 m

18. O municipio de Pontevedra clasifícase, conforme ao Apéndice B da sección HS 6 Protección fronte á exposición ao radon do Documento Básico HS Salubridade do Código Técnico da Edificación, en función do potencial de radon como:

- a) Municipio de zona I
- b) Municipio de zona II
- c) Municipio de zona III
- d) Municipio de zona IV

19. Segundo a táboa 1.2 da sección SUA 1 Seguridade fronte ao risco de caídas, do Documento Básico SUA Seguridade de utilización e accesibilidade do Código Técnico da Edificación, o chan dun aseo con superficie con pendente igual ou maior que o 6%, como mínimo, terá unha clase:

- a) 0
- b) 1
- c) 2
- d) 3

20. De acordo con a Sección SUA 4 Seguridade fronte ao risco causado por iluminación inadecuada do Documento Básico SUA Seguridade de utilización e accesibilidade do Código Técnico da Edificación:

- a) En cada zona dispoñeráse unha instalación de iluminación capaz de proporcionar, unha iluminancia mínima de 20 lux en zonas exteriores
- b) En cada zona dispoñeráse unha instalación de iluminación capaz de proporcionar 200 lux en zonas interiores, excepto aparcamentos interiores onde será de 75 lux, medida a nivel do chan
- c) O factor de uniformidade media será do 60% como mínimo
- d) Contará con iluminación de emerxencia todo recinto cuxa ocupación sexa maior que 500 persoas

21. Sinalar a resposta correcta de conformidade coa sección SUA 7 Seguridade fronte ao risco causado por vehículos en movemento do Documento Básico SUA Seguridade de utilización e accesibilidade do Código Técnico da Edificación:

- a) As zonas de uso Aparcamiento dispoñerán dun espazo de acceso e espera na súa incorporación ao exterior, cunha profundidade adecuada á lonxitude do tipo de vehículo e de 5,00 m como mínimo e unha pendente do 4% como máximo
- b) As zonas de uso Aparcamiento dispoñerán dun espazo de acceso e espera na súa incorporación ao exterior, cunha profundidade adecuada á lonxitude do tipo de vehículo e de 4,50 m como mínimo e unha pendente do 2% como máximo
- c) As zonas de uso Aparcamiento dispoñerán dun espazo de acceso e espera na súa incorporación ao exterior, cunha profundidade adecuada á lonxitude do tipo de vehículo e de 5,00 m como mínimo e unha pendente do 6% como máximo
- d) As zonas de uso Aparcamiento dispoñerán dun espazo de acceso e espera na súa incorporación ao exterior, cunha profundidade adecuada á lonxitude do tipo de vehículo e de 4,50 m como mínimo e unha pendente do 5% como máximo

22. De conformidade coa sección SUA 9 Accesibilidade do Documento Básico SUA Seguridade de utilización e accesibilidade do Código Técnico da Edificación, os ascensores accesibles sinalizaranse mediante SIA. Así mesmo, contarán con indicación en Braille e arábigo no alto relevo do número de planta na jamba dereita en sentido saída da cabina, a unha altura entre:

- a) 0,80 e 1,00 m
- b) 0,60 e 1,40 m
- c) 0,80 e 1,20 m
- d) 0,90 e 1,30 m

23. Segundo o Documento Básico SI Seguridade en caso de incendio, toda zona cuxo uso previsto sexa diferente e subsidiario do principal do edificio ou do establecemento no que estea integrada debe constituír un sector de incendio diferente cando supere os seguintes límites:

- a) Zona de uso Administrativo, Comercial ou Docente cuxa superficie construída exceda de 250 m²
- b) Zona de uso pública concorrencia cuxa ocupación excede de 100 persoas
- c) Zona de uso aparcamento cuxa superficie construída exceda de 100 m²
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

24. Segundo o DB-SI Seguridade en caso de incendio do CTE, admítase que se dispoña dunha única saída de planta.

- a) Sempre que a ocupación non exceda de 100 persoas
- b) Nas plantas de hospitalización cuxa superficie construída non excede de 100m²
- c) No caso de saída dun edificio de vivendas cuxa ocupación non excede de 500 persoas no conxunto do inmovible
- d) En escolas de ensino secundario cuxa ocupación non excede de 100 alumnos

25. De conformidade co DB-SI Seguridade en caso de incendio do CTE, abrirá en sentido da evacuación toda porta de saída:

- a) Prevista para o paso de máis de 200 persoas en edificios de uso administrativo
- b) Prevista para o paso de máis de 100 persoas en edificios de uso Residencial Vivenda
- c) Prevista para máis de 100 ocupantes do recinto ou espazo no que estea situada
- d) Prevista para o paso de máis de 50 alumnos en escolas infantís

26. De acordo con o Real Decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios, naqueles casos nos que a inspección das instalacións de protección activa contra incendios non estea regulada por regulamentación específica, os titulares das mesmas deberán solicitar, a un organismo de control acreditado, a inspección das súas instalacións de protección contra incendios, polo menos, cada:

- a) 3 anos
- b) 4 anos
- c) 5 anos
- d) 10 anos

27. Segundo o Real decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios, sinala a resposta INCORRECTA: no suposto dunha instalación de protección contra incendios composta unicamente de extintores:

- a) Os extintores deberán ser colocados por empresas instaladoras de sistemas de protección contra incendios
- b) Os extintores deberán ser colocados por empresas mantedoras de extintores
- c) Cando a superficie do establecemento non sexa maior de 100 m² poderán ser colocados pola persoa usuaria
- d) Será necesaria a posta en servizo da instalación

28. De conformidade co Real decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios, sinale a resposta INCORRECTA. Non resulta preceptiva a inspección das instalacións de protección activa contra incendios dos establecementos destinados a:
- a) Uso administrativo con superficie construída menor de 2.000 m²
 - b) Uso pública concorrencia con superficie construída menor de 500 m²
 - c) Uso aparcamento con superficie construída menor de 500 m²
 - d) Uso almacén con superficie construída menor de 500 m²
29. De acordo co Real decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios, a comprobación do funcionamento dos sistemas de detección e alarma, con cada fonte de subministración, debe realizarse:
- a) Cada 3 meses
 - b) Cada 6 meses
 - c) Cada ano
 - d) Non está prevista esta operación no mantemento mínimo das instalacións de protección contra incendios
30. Queda excluído do ámbito de aplicación do Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios:
- a) As instalacións térmicas nos edificios de nova construción
 - b) As instalacións térmicas que se reformen nos edificios existentes, exclusivamente no que á parte reformada refírese
 - c) As instalacións térmicas de procesos industriais, agrícolas ou doutro tipo, na parte que non estea destinada a atender a demanda de benestar térmico e hixiene das persoas
 - d) A ampliación do número de equipos xeradores de calor ou frío
31. De conformidade co Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios, a memoria técnica das instalacións incluídas dentro do seu ámbito de aplicación:
- a) Será elaborada exclusivamente por instalador habilitado
 - b) Será elaborada exclusivamente por técnico titulado competente
 - c) Será elaborada por instalador habilitado, ou por técnico titulado competente
 - d) Será elaborada polo titular da instalación
32. De conformidade coas Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas en Galicia (ITOHG), cal é a velocidade mínima de circulación da auga que debe darse nalgún momento do día no interior dunha tubaxe de abastecemento para evitar que exista sedimentación?:
- a) 0,2 m/s
 - b) 0,5 m/s

- c) 1 m/s
- d) 2,5 m/s

33. De acordo coas Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas en Galicia (ITOHG), cal é a profundidade mínima á que debe situarse a xeneratriz superior da tubaxe dunha rede de abastecemento de auga cando esta discorre baixo a calzada?:

- a) 80 cm
- b) 100 cm
- c) 120 cm
- d) 150 cm

34. De conformidade coas Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas en Galicia (ITOHG), que tipo de válvulas deben empregarse como válvulas de seccionamiento nunha rede de abastecemento de auga?

- a) Válvulas de globo e válvulas de bolboreta
- b) Válvulas de globo e válvulas de diafragma
- c) Válvulas de comporta e válvulas de bolboreta
- d) Válvulas de diafragma e válvulas de bolboreta

35. Segundo o establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a execución do contrato de obras comeza:

- a) Coa adxudicación do contrato
- b) Coa formalización do contrato
- c) Coa publicación da formalización do contrato
- d) Coa acta de comprobación do reformulo

36. De conformidade co artigo 242 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, cando as modificacións do contrato de obras supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas:

- a) Serán propostos polo contratista e a Administración deberá aprobalos no prazo máximo de 3 días hábiles
- b) Serán fixados pola Administración, previa audiencia ao contratista polo prazo mínimo de 3 días hábiles
- c) Serán propostos polo contratista e a Administración deberá aprobalos no prazo máximo de 5 días hábiles
- d) Serán fixados pola Administración, previa audiencia ao contratista polo prazo mínimo de 5 días hábiles

37. **Atendendo ao establecido no artigo 150 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, a dirección de obra deberá expedir as certificacións de obra no prazo máximo de .:**
- a) 5 días seguintes ao período que corresponda
 - b) 10 días seguintes ao período que corresponda
 - c) 15 días seguintes ao período que corresponda
 - d) 1 mes seguinte ao período que corresponda
38. **De conformidade co artigo 163 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, o contratista debe comunicar por escrito á dirección de obra a data prevista para a terminación ou execución do contrato cunha antelación mínima de .:**
- a) 15 días hábiles
 - b) 20 días hábiles
 - c) 30 días hábiles
 - d) 45 días hábiles
39. **De acordo co artigo 245 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, cal das seguintes non é causa de resolución do contrato de obras?:**
- a) A demora inustificada na comprobación do reformulo
 - b) A suspensión da iniciación das obras por prazo superior a catro meses
 - c) A suspensión das obras por prazo superior a seis meses por parte da Administración
 - d) A desistencia
40. **Segundo se establece nas Normas reguladoras do acto de recepción e da comprobación material do investimento da Deputación de Pontevedra, a convocatoria e asistencia do contratista ao acto de recepción terá carácter preceptivo para os seguintes contratos:**
- a) Contratos de obras
 - b) Contratos de servizos
 - c) Contratos de subministracións
 - d) Todos os anteriores

PREGUNTAS DE RESERVA

1. **De acordo co artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o presidente non pode delegar o exercicio das seguintes atribucións (sinalar a INCORRECTA):**
- a) Dirixir o goberno e a administración da provincia
 - b) A separación do servizo dos funcionarios e o despedimento do persoal laboral

- c) Aprobar a oferta de emprego público
- d) A iniciativa para propoñer ao Pleno a declaración de lesividade en materia da competencia do presidente

2. De conformidade co Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, cando se trate de obras das Administracións públicas o libro de incidencias:

- a) Será facilitado por Colexio profesional ao que pertenza o técnico que aprobase o plan de seguridade e saúde
- b) Será facilitado por Colexio profesional ao que pertenza o técnico que redactase o estudo ou estudo básico de seguridade e saúde
- c) A Oficina de Supervisión de Proxectos ou órgano equivalente
- d) Estará en poder do contratista

3. De conformidade coa sección SUA 9 Accesibilidade do Documento Básico SUA Seguridade de utilización e accesibilidade do Código Técnico da Edificación, un itinerario accesible cumpre, entre outras, a condición seguinte:

- a) Os desniveis sálvanse mediante rampla accesible conforme ao apartado 4 do SUA 1, ou ascensor accesible. Non se admiten chanzos
- b) En ambas as caras das portas existe un espazo horizontal libre do varrido das follas de diámetro $\varnothing 1,50$ m
- c) A pendente en sentido da marcha é $\geq 4\%$, ou cumpre as condicións de rampla accesible, e a pendente transversal ao sentido da marcha é $\geq 2\%$
- d) A anchura libre de paso das portas $\geq 0,90$ m medida no marco e achegada por non máis dunha folla

4. Segundo o Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios, cando nun mesmo edificio existan múltiples xeradores de calor, frío, ou de ambos os tipos, como se obterá a potencia térmica nominal da instalación, a efectos de determinar a documentación técnica de deseño requirida?:

- a) Como a suma das potencias térmicas nominais dos xeradores de calor ou dos xeradores de frío necesarios para cubrir o servizo, sen considerar nesta suma da instalación solar térmica
- b) Será o valor da potencia térmica nominal do xerador de maior capacidade térmica
- c) Como a suma das potencias térmicas nominais dos xeradores de calor, dos xeradores de frío e da instalación solar térmica
- d) Como a suma das potencias térmicas nominais dos xeradores de calor e dos xeradores de frío necesarios para cubrir o servizo, sen considerar nesta a suma da instalación solar térmica

5. De conformidade coas Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas en Galicia (ITOHG), en cal dos seguintes materiais estará fabricada unha tubaxe de 63 mm de diámetro dunha rede de abastecemento de auga?:
- a) Policloruro de vinilo (PVC)
 - b) Fundición dúctil
 - c) Poliéster reforzado con fibra de vidro (PRFV)
 - d) Formigón armado

RESPOSTAS DO PRIMEIRO EXERCICIO TIPO TEST DA CONVOCATORIA PARA NOMEAMENTO DE ARQUITECTO TÉCNICO COMO FUNCIONARIADO INTERINO CON CARGO A PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL "INICIATIVAS COMUNITARIAS 2025-2027" CON DESTINO AO SERVIZO DE COOPERACIÓN

PREGUNTA	OPCIÓN
1	C
2	D
3	C
4	D
5	C
6	A
7	C
8	B
9	C
10	A
11	D
12	C
13	B
14	A
15	C
16	C
17	A
18	B
19	D
20	A
21	D
22	C
23	C
24	C
25	A

26	D
27	D
28	D
29	A
30	C
31	C
32	B
33	B
34	C
35	D
36	B
37	B
38	D
39	C
40	A
PREGUNTAS DE RESERVA	
41	C
42	C
43	A
44	A
45	A

De acordo co disposto nas bases que rexen a convocatoria, as persoas aspirantes terán dun prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do seguinte ao desta publicación, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.